

Cultura

Coñecido como o «poeta do mar», substituíu ao filólogo Constantino García, falecido hai dous anos

O escritor cangués Bernardino Graña ingresa na Real Academia Galega

J. Santos

CANGAS/LAVOZ A Real Academia Galega celebrou en Cangas a sesión plenaria de ingreso do escritor Bernardino Graña, unha incorporación acordada hai xusto un ano que se formalizou onte nun acto longo e protocolario no que o chamado «poeta do mar» leu o discurso *Os contos populares e Rosalía*.

Unha vez aberta a sesión polo presidente, Méndez Ferrín, a quen Graña coñeceu «en pantalón curto», segundo di, e lido o acordo polo secretario, Ferrín pediulle aos académicos Margarita Ledo e Darío Xohán Cabana que foran buscar a Bernardino Graña, quen, seguindo o protocolo, agardaba fóra da sala.

Público en pé

Semiparalizadas a perna e o brazo dereitos por una trombose sufrida hai tres anos, o escritor cangués, nado en 1932, entrou entre aplausos, co público e os académicos en pé, e percorreu o corredor axudándose cun bastón, flanqueado polos que xa son os seus compañeiros, e subiu ao estrado. Intensificáronse entón os aplausos, que o poeta agradeceu coa man no corazón.

Sentouse nunha mesa situada á dereita da presidencia e das cadeiras dos académicos, disposto a comezar o seu discurso.

Referiuse á Academia como unha «lanza de combate» en pro da normalización do galego. A continuación, falou do académico que substitúe, Constantino García, quen faleceu no 2008, antes de ler o seu discurso sobre contos populares.

Lembrou os que lle contaban a

súa madriña e a súa avoa na taberna que rexeñaban na parroquia canguesa de Darbo, á que acudía de neno.

Un deses contos deu lugar ao libro *O león e o paxaro rebelde*, editado en 1969. «Ao longo da miña vida tiven moito contacto cos contos populares», dicía nant fronte o escritor cando chegaba á súa casa de Cangas de Culleredo, onde vive desde hai uns anos, xustificando a elección do tema.

Falou despois de Rosalía de Castro, concretamente do seu libro *Conto gallego*. «Rosalía inspirouse no pobo; é totalmente pobo na súa poesía e na súa narración», afirmou Bernardino Graña. Citou tamén a Shakespeare dicindo que unha das súas grandes obras, *O rei Lear*, está baseada nun conto tradicional celta.

O filólogo Ramón Lorenzo foi o designado pola Academia para contestar ao novo numerario. Amigo de Graña, lembrou diversas anécdotas compartidas co poeta cangués e falou do seu dilatado labor literario, con máis de trinta libros publicados e case una ducia máis preparada para saír a luz.

Bernardino Graña, que amosou unha «especial satisfacción por formar parte dunha institución centenaria da que foi presidente Manuel Murguía», adianta que «aínda ten algo que dicir sobre a lingua galega e na defensa do idioma».

O acto rematou cun convite na sala de exposicións do auditorio, ao que puideron asistir boa parte dos máis de catrocentos presentes no acto.



Os académicos e o público asistente recibiron a Bernardino Graña con aplausos e postos en pé | GUSTAVO RIVAS

De Brais Pinto a Asociación de Escritores en Lingua Galega

Graña foi un dos fundadores do grupo Brais Pinto en Madrid no ano 1958, xunto con Ferrín, Ramón Lorenzo, Patiño, Fernández Ferreiro, Bautista Álvarez, Herminio Barreiro, Criebeiro, César Arias e Ben-Cho-Shey.

Foi tamén fundador e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

No aspecto profesional, Graña foi profesor de Literatura española nunha ducia de institutos, entre eles, o María Soliño de Cangas. Deixou o ensino en 1991 aos tres meses de ser destinado a Sarria, onde sufríu, se-

gundo asegura, unha «depresión endóxena». Decidiu entón xubilarse.

A súa obra inclúe nove libros de poemas, tres de teatro, unha longa relación de narrativa xuvenil e unha novela longa, que escribiu xusto despois de sufrir en decembro do 2002 un derrame cerebral. *Protoenvanxo do neto de Herodes*, que recibiu o premio Eixo Atlántico.

Ten preparados, case listos para a imprenta, outros dez libros máis. O primeiro en saír vai ser *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*.

www.festivalmozart.com

Mozart
CORUÑA
2010

Ópera El sueño de una noche de verano
Producción de Merbena Teatro
Orquestra Sinfónica de Galicia
Palacio de la Ópera, A Coruña
19 de junio, 20.00 h

Concierto Cuarteto de las Naciones
Mozart a cuatro
Teatro Jofre, Ferrol
23 de junio, 20.30 h

Concierto Cuarteto Infeld
En torno a Mozart
Real Academia Gallega de Bellas Artes, A Coruña
24 de junio, 20.30 h

Concierto Quinteto Cimarrón
21 cuerdas lixtras
Auditorio, Rianxo 25 de junio, 20.30 h
Auditorio, Vimianzo 25 de junio, 20.00 h

Concierto Cuarteto Gimantoni
Cuerdas clásicas y románticas
Casa de los Peces, A Coruña
25 de junio, 21.00 h

Ópera en concierto Giove in Argo
Il Complesso Barocco y Alan Curtis, director
Colón Caixa Galicia, A Coruña
26 de junio, 20.00 h

Concierto Niños Cantores de la Orquesta Sinfónica de Galicia
José Luis Vázquez, director y Alicia González Domínguez, piano
Iglesia de Santa Marta, Ortigueira
27 de junio, 13.00 h

902 43 44 43

XUNTA DE GALICIA
DEPUTACIÓN DE CORUÑA
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
XACOBEO 2010 Galicia